

Resolución do 21 de marzo de 2024 pola que se convocan 26 axudas de mobilidade para Persoal Docente e Investigador (PDI) da Universidade de Santiago de Compostela (USC) para impartir docencia en institucións de países do Programa Erasmus+ durante o ano 2024.

A USC convoca **26 axudas** de mobilidade internacional para PDI saínte no marco do Programa Erasmus+, Proxectos 2022-1-ES01-KA131-HED-000053371 e 2023-1-ES01-KA131-HED-000135235, con cargo á partida orzamentaria 8052-4914-49000 para impartir docencia en institucións de países do programa durante o ano 2024.

Esta convocatoria está suxeita á normativa do programa establecida polo *Servicio Español para la Internacionalización de la Educación* (SEPIE), que actúa como Axencia Nacional da Comisión Europea en España, e ás seguintes bases reguladoras.

PRIMEIRA: OBXECTO DA CONVOCATORIA E DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA

1.1 A finalidade do programa é contribuír a unha maior relación entre as institucións de educación superior europeas e á creación do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) a través dun mellor coñecemento mutuo entre as comunidades educativas e a progresiva harmonización dos seus plans de estudos e métodos docentes.

1.2 A actividade principal é a docencia impartida por un PDI da USC noutra institución de educación superior dun país socio participante no programa Erasmus+ (KA131), seguindo os obxectivos xerais do Programa Erasmus+.

1.3 Estas axudas serán compatibles con calquera outro tipo de bolsas e axudas de natureza pública ou privada, incluíndo as correspondentes ao programa Erasmus+ KA171.

SEGUNDA: REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA

2.1 As persoas candidatas deberán:

- a. Posuír a nacionalidade dun dos países participantes no programa Erasmus+ ou estar recoñecido/a polo país no que reside como residente permanente, refuxiado/a ou apátrida.

- b. Formar parte da nómina da USC ou de centros adscritos, tanto no momento de presentar a solicitude como no momento da realización da mobilidade.
- c. Impartir docencia na USC ou en centros adscritos dentro dun plan de estudos de grao e/ou mestrado oficiais da USC durante o curso no que vai realizar a mobilidade.
- d. Pertencer á área de estudos que figura no acordo asinado coa institución de acollida.

Aquelas solicitudes que non cumpran estes requisitos consideraranse automaticamente rexeitadas.

TERCEIRA: DURACIÓN DA MOBILIDADE

3.1 A duración desta actividade será dun mínimo de dous días hábiles consecutivos e máxima de dous meses (sen contar os días da viaxe nin os festivos), aínda que **só se financiarán como máximo cinco días de traballo**.

3.2 Durante a estadía deberán impartirse un mínimo de oito horas de docencia á semana ou período inferior (é dicir, se a duración é inferior a unha semana, este mínimo será igualmente aplicable, con independencia do número de días da estadía).

3.3 A estadía deberá coincidir cos períodos lectivos na universidade de destino.

3.4 O período elixible de realización das estadias docentes comprende dende a resolución desta convocatoria ata o **31 de decembro de 2024**. A realización da estadía nunha data posterior suporá a perda automática da axuda concedida.

CUARTA: DESTINOS

4.1 A mobilidade de persoal docente está baseada na existencia previa dun acordo interinstitucional Erasmus+ KA131 asinado coa universidade de destino, e en dito acordo debe existir unha cota específica para a mobilidade de PDI. O convenio ten que estar asinado con anterioridade ao comezo do curso académico 2023/2024. Os destinos elixibles son os que figuran na listaxe de Convenios Erasmus+ KA131 recollidos na ligazón

<https://www.usc.gal/gl/servizos/area/internacional/mobilidade-pdi/erasmus-pdi-saintes>,

con indicación expresa dos que pertencen á Universidade Europea EUniWell.

QUINTA: DOTACIÓN DAS AXUDAS

5.1 Este programa está financiado con fondos da Comisión Europea. As contías para a mobilidade serán de dous tipos:

- a. Axuda de aloxamento e mantenza, segundo a duración da mobilidade e o país de destino.
- b. Axuda de viaxe, segundo a distancia entre a universidade de orixe e a universidade de destino.

5.2 **Axuda para aloxamento e mantenza.** Para o cálculo do importe só se computarán os días da estadía nos que se desenvolvan actividades formativas (polo que deberán xustificarse os días exactos). As cantidades dependerán do país de destino en función do grupo indicado no seguinte recadro:

Países de destino	Cantidade diaria das axudas
Grupo A Dinamarca, Finlandia, Irlanda, Islandia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Suecia	120 €
Grupo B Alemaña, Austria, Bélxica, Francia, Grecia, Italia, Malta, Países Baixos, Portugal	105 €
Grupo C Bulgaria, Croacia, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Macedonia do Norte, Polonia, República Checa, Romanía, Serbia, Turquía	90 €

5.3 **Axuda para gastos de viaxe.** A contribución aos gastos de viaxe do persoal estará baseada na distancia entre o seu lugar de traballo e o lugar no que se desenvolva a actividade correspondente, segundo a cantidade que se indica a continuación:

Distancias de viaxe	Viaxe estándar - Importe	Viaxe ecolóxica – Importe
Entre 10 e 99 km	23 € por participante	
Entre 100 e 499 km	180 € por participante	210 € por participante
Entre 500 e 1999 km	275 € por participante	320 € por participante
Entre 2000 e 2999 km	360 € por participante	410 € por participante
Entre 3000 e 3999 km	530 € por participante	610 € por participante
Entre 4000 e 7999 km	820 € por participante	
8000 km ou máis	1500 € por participante	

As persoas beneficiarias que realicen tanto a viaxe de incorporación á universidade de acollida como a viaxe de regreso en transporte ecolóxico (é dicir nun medio de transporte público e colectivo, agás o avión) recibirán unha axuda de viaxe adicional segundo o tramo de distancia. O persoal que opte polo desprazamento ecolóxico recibirá ata 4 días de apoio individual adicional para cubrir os días de viaxe nun traxecto de ida e volta.

Para calcular a distancia en quilómetros dende o posto de traballo ata a cidade de destino, empregarase a calculadora de distancias proposta pola Comisión Europea, dispoñible en: http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/tools/distance_en.htm.

5.4 O importe das axudas será aboado por transferencia bancaria ao rematar a misión docente, unha vez entregados os documentos e anexos detallados na base duodécima desta convocatoria.

5.5 Estas axudas son unha contribución para cubrir parte dos gastos de viaxe, aloxamento e mantenza e, polo tanto, non cobren a totalidade dos gastos ocasionados. As axudas non están suxeitas a retencións do IRPF.

SEXTA: PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

6.1 O prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte á publicación desta convocatoria até o **12 de abril de 2024** ás 23:59 horas.

6.2 A solicitude deberá presentarse xunto coa documentación requirida a través do **Rexistro Electrónico da USC** identificándose coas súas claves de PDI.

Acceso ao Rexistro Electrónico da USC:

- A través da web <http://www.usc.gal>
- No menú despregable: USC Virtual > Sede Electrónica > Servizos Persoais > Rexistro electrónico:
<https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/rexistroElectronico.htm?execution=e2s1>
- Pasos a seguir:
 - Farase unha solicitude xeral (non existe Procedemento).
 - Órgano ao que vai dirixido: Oficina de Mobilidade.
 - Asunto da solicitude: Solicitude axuda Erasmus+ KA131 PDI saínte 2024.
 - Como anexos engadíranse os documentos requiridos na base sétima desta convocatoria.

6.3 Alternativamente, en caso de dificultades técnicas, as solicitudes tamén poderán presentarse no Rexistro Xeral da USC, situado na Reitoría da USC (Colexio de San Xerome. Praza do Obradoiro s/n, Santiago de Compostela) e no Rexistro do Campus de Lugo, situado no edificio de Servizos Administrativos da Biblioteca Intercentros (Avda. de Bernardino Pardo Ouro s/n, Lugo) ou nas formas e lugares establecidos na Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SÉTIMA: FORMALIZACIÓN DA SOLICITUDE

7.1 A persoa solicitante deberá presentar a seguinte documentación:

- a. **Impreso de solicitude (Anexo I).**
- b. **Acordo de mobilidade (Anexo II)**, que reflectirá a actividade docente a desenvolver, cun mínimo de 8 horas de docencia. O documento debe incluír as

sinaturas orixinais ou electrónicas da persoa solicitante, do/a Responsable Académico/a de Mobilidade (RAM) do centro ao que pertence o/a docente na USC e do/a responsable institucional ou departamental da universidade de acollida.

OITAVA: RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE SOLICITUDES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

8.1 A Oficina de Mobilidade publicará na Sede Electrónica da USC, dentro dos 15 días seguintes despois de finalizado o prazo de presentación de solicitudes e antes da súa valoración, a **relación provisional** de solicitudes admitidas e excluídas.

8.2 As persoas aspirantes excluídas poderán xustificar o seu dereito a ser admitidas no prazo de **cinco días hábiles** contados a partir do día seguinte á publicación da listaxe provisional, quedando excluídas definitivamente de non facelo. Finalizado o prazo para reparar os defectos que motivaron a exclusión ou omisión, elevarase a definitiva, xunto coa proposta de adxudicación de axudas derivadas da base seguinte.

NOVENA: AVALIACIÓN E SELECCIÓN

9.1 A Comisión de Selección estará integrada pola vicerreitora de Titulacións e Internacionalización, ou persoa en que delegue, a xefa da Oficina de Mobilidade, ou persoa en que delegue, e un membro do persoal técnico da Oficina de Mobilidade, que actuará como secretario/a.

9.2 Esta Comisión levará a cabo a selección dos/as docentes de conformidade coas directrices proporcionadas polo SEPIE, que indican que:

- o procedemento de concesión das axudas debe ser transparente, xusto, equitativo, coherente e estar ben documentado.
- serán adoptadas todas aquelas medidas necesarias para evitar calquera conflito de intereses entre as persoas que poidan tomar parte nos órganos ou no proceso de selección e as persoas beneficiarias individuais.

9.3 Para a adxudicación das axudas aplicarase o seguinte baremo sobre un máximo de 10 puntos:

- a. Relevancia do plan de traballo e beneficio para o centro ao que pertence a persoa solicitante na USC: Máximo 4 puntos

- b. Participacións previas no Programa Erasmus+ KA131 (a contar dende o ano 2020 inclusive): Máximo 3 puntos
- 2 ou máis mobilidades: 1 punto
 - 1 mobilidade: 2 puntos
 - Non ter participado con anterioridade: 3 puntos
- c. Acreditación de coñecementos de idiomas: Máximo 3 puntos
- Nivel B2 de inglés ou da lingua de instrución na institución de acollida : 1 punto
 - Nivel C1 ou superior de inglés ou da lingua de instrución na institución de acollida : 2 puntos
 - Impartir docencia na USC nunha lingua estranxeira que coincida coa lingua de instrución da universidade de destino : 2 puntos
 - Puntuarase a acreditación de máis dunha lingua, sempre que o plan de traballo inclúa a utilización delas durante as actividades a realizar na universidade de destino.

9.4 No caso de empate darase prioridade á persoa con maior puntuación no plan de traballo. Se persiste o empate, terán prioridade aquelas persoas solicitantes con menor participación en programas de mobilidade Erasmus+ e a continuación as que presenten solicitudes para destinos da alianza da Universidade Europea EUniWell.

9.5 Os informes e resultados de pasadas convocatorias de mobilidade poderán ser considerados pola Comisión de Selección para os efectos oportunos.

DÉCIMA. PROPOSTA DE CANDIDATOS/AS E LISTAXE DE AGARDA

10.1 Efectuada a valoración, a Comisión de Selección procederá á publicación dos resultados da proposta de adjudicación de axudas na Sede Electrónica da USC, coa indicación dunha lista ordenada das/os candidatas/os seleccionadas/os, así como unha lista de candidatos/as en agarda, de ser o caso.

10.2 Contra esta proposta as persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **cinco días hábiles** contados a partir do día seguinte á súa publicación. Transcorrido este prazo e analizadas, de ser o caso, as alegacións, a proposta será elevada a definitiva.

UNDÉCIMA: OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

As persoas seleccionadas terán as seguintes obrigas:

Antes da estada:

11.1 Establecer o contacto co centro de destino para acordar as datas da visita e o programa de traballo.

11.2 Solicitar o permiso correspondente no seu Departamento.

11.3 Subscribir o Acordo de Mobilidade (**Anexo II - Mobility Agreement**) xunto coas institucións de orixe e destino, describindo o programa de traballo que levará a cabo durante a súa estada.

11.4 Enviar á Oficina de Mobilidade (international@usc.gal) unha copia do seguro médico contratado ou da Tarxeta Sanitaria Europea.

11.5 Xestionar a busca de aloxamento e os trámites de rexistro na universidade de destino, se ben a Oficina de Mobilidade porá á disposición das persoas seleccionadas a información que a universidade de destino facilite para estes fins. Será responsabilidade da persoa beneficiaria da axuda a realización correcta destes trámites, así como coñecer e respectar aquelas condicións específicas que algunhas universidades teñen con respecto aos aloxamentos que proporcionan ao persoal docente convidado.

Durante a estada:

11.5 Impartir un **mínimo de 8 horas** de docencia na universidade de acollida.

11.6 Promover a estratexia de internacionalización da USC e dar información sobre os proxectos de cooperación e a oferta académica da USC, empregando para ese fin a presentación da USC que se lle facilitará na Oficina de Mobilidade.

Despois da estadía:

11.7 Cumprimentar e enviar a enquisa UE (*EU Survey*) en liña nos 30 días naturais posteriores á recepción do convite para cumprimentala. A USC poderá requirir ás persoas participantes que non cumprimenten e envíen a enquisa UE en liña o reembolso parcial ou total da axuda financeira recibida.

11.8 Presentar na Oficina de Mobilidade a seguinte documentación no prazo máximo **dun mes** contado a partir da data de finalización da mobilidade:

- a. Certificado ou constancia da Universidade de acollida onde figuren as datas de inicio e fin da estadía, así como o número de horas de docencia impartidas (mínimo 8) segundo modelo normalizado do SEPIE (**Anexo III**). O abono do importe da axuda realizarase en función dos días de estadía indicados neste certificado.
- b. Informe final de resultados segundo modelo normalizado (**Anexo IV**).

DUODÉCIMA: MODIFICACIÓNS, RENUNCIAS E REVOGACIÓNS

12.1 Calquera cambio que se efectúe, en especial no que se refire ás datas da estadía ou baixa no programa, deberá ser comunicado por correo electrónico á Oficina de Mobilidade da USC coa maior brevidade (international@usc.gal).

12.2 O feito de non incorporarse ao centro nas datas autorizadas, sempre que non se notificase o cambio, entenderase como renuncia e a persoa será penalizada en futuras convocatorias da Oficina de Mobilidade.

12.3 Considerarase que renuncian tacitamente á mobilidade (e, en consecuencia, á axuda), as persoas beneficiarias que non presenten a documentación requirida nos prazos e nas condicións descritas nestas bases.

12.4 O incumprimento dalgúns dos requisitos e das obrigas establecidas na presente convocatoria poderá dar lugar á revogación total ou parcial da axuda e á obriga de devolver a cantidade correspondente, así como á imposibilidade de participar en novas edicións do programa.

12.5 No caso de que se produza algunha renuncia ou que non se entregue a documentación nas condicións e nos prazos previstos, poderase adxudicar a axuda, se procede, á seguinte persoa da lista de agarda.

DECIMOTERCEIRA: RÉXIME XURÍDICO

13.1 Contra a presente resolución que esgota a vía administrativa, poderá interperse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela ou Lugo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei 29/1988, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso Administrativa.

13.2 Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O Reitor

Por delegación de competencias (R.R. do 21/04/2022, DOG do 26/04/2022)
A vicerreitora de Titulacións e Internacionalización

María José López Couso

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 do 1 de outubro do
Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIA JOSE LOPEZ COUSO, VICERREITORA DE TITULACIONES E INTERNACIONALIZACIÓN, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 21/03/2024 13:36:53.

CSV: 36F7-3756-4CD3-A294